

Señor danos un corazón limpo e bo

Señor, ensínanos a mirar cos teus ollos, ollos serenos, limpos, cheos de bondade.

Os nosos engánannos, as nosas escuridades empapan o que vemos contaxiando aos demais o noso pesimismo e a nosa negatividade.

Líbranos das vigas dos nosos ollos para que a nosa mirada sexa limpa, para que poidamos ver claro e así poder axudar os nosos irmáns a desfacerse do lixo do seu ollo.

Entón poderemos mirarnos fixamente. Sen a viga que nos deforma volvemos ser como ti queres e vemos o mundo cos teus ollos.

Que a nosa mirada sexa suficientemente transparente para ser capaces de cambiar o mundo.

Que o noso corazón sexa suficientemente limpo para que os nosos ollos te poidan ver en todas partes, en todo o que nos rodea, e sobre todo na mirada dos nosos irmáns e irmás.



Evanxeo
3-marzo-2019
8º-ORDINARIO-C



Para dar bo FROITO hai que atesourar bondade no CORAZÓN.

Ordinario 8º-C

ECLESÍASTICO 27, 4-7: *Non eloxies a ninguén antes de oílo falar.*

Cando se axita a criba, queda o farelo; así, cando a persoa fala, descóbreuse os seus defectos.

O forno proba as vasillas do oleiro, e a persoa é probada na súa conversación.

O froito revela o cultivo da árbore, así a palabra revela o corazón da persoa.

Non eloxies a ninguén antes de oílo falar, porque aí é onde se proba unha persoa.

Palabra do Señor.

SALMO 91: R/. É bo darche grazas, Señor.

1 CORINTIOS 15, 54-58: *Dáanos a vitoria por medio de Xesucristo.*

LUCAS 6, 39-45: *Do que reborda do corazón fala a boca.*

Narrador: Naquel tempo, díxolles Xesús aos discípulos unha parábola:

Xesús: *«Seica pode un cego guiar a outro cego? Non caerán os dous no foxo? Non está o discípulo sobre o seu mestre, aínda que, cando remate a súa aprendizaxe, será como o seu mestre. Por que te fixas no lixo que ten o teu irmán no ollo e non reparas na viga que levas no teu? Como podes dicirlle ao teu irmán: "Irmán, déixame que che saque o lixo do ollo", sen fixarte na viga que levas no teu? Hipócrita! Saca primeiro a viga do teu ollo, e entón verás claro para sacar o lixo do ollo de teu irmán.*

Pois non hai árbore boa que dea froito malo, nin árbore mala que dea froito bo; por iso, cada árbore coñécese polo seu froito; porque non se recollen figos das silveiras, nin se vendiman acios dos espiños. O home bo, da bondade que atesoura no seu corazón saca o ben, e o que é malo, da maldade saca o mal; porque do que reborda do corazón fala a boca».

Palabra del Señor.

(Narrador - Xesús)



Para dar bo FROITO hai que atesourar bondade no CORAZÓN

1. VER: Un bo motor.

-Se queremos que **un coche funcione ben** hai que compralo novo. Pero non abonda con *tunear* un vello, poñelo moi brillante, que será o fundamental do coche? O fundamental é que teña un bo motor. Ás persoas pásanos igual.

Cal é o motor das persoas? Cando está san?

2. XULGAR: Atesourade bondade no corazón

-No evanxeo de hoxe, Xesús dinos: *"O home bo, da bondade que atesoura no seu corazón saca o ben, e o que é malo, da maldade saca o mal"*. E que *"non hai árbore boa que dea froito malo"*...

QUE NOS QUERE DICIR?

-Moitas veces propoñémonos ser mellores, dar bos froitos, facer algo polos demais, entregarnos a fondo perdido... Pero sos non podemos. **Necesitamos que o Espírito de Xesús, que o remove e posibilita todo, transforme as nosas mentes e os nosos corazóns** porque ninguén dá o que non ten.

-**Dar bo froito supón atesourar bondade no corazón. Esa bondade é un agasallo de Deus.** Recemos constantemente para que o Señor nos cambie o corazón.

-Se temos un corazón limpo e bo **estaremos listos para mellorar o mundo:** así poderemos obrar o ben, construiremos o reino e faremos un mundo mellor para todos.

-Teñamos tamén presente outra recomendación de Xesús no evanxeo: ***"Se un cego guía a outro cego caerán os dous no foxo"**: deixémonos guiar polos bos profesores, pais, catequistas e persoas que dan sabor a este mundo e nos axudan a ser mellores... Deixarvos guiar por Xesús, el é a LUZ, é o guía que sabe o camiño da ledicia e da felicidade.

Como cuidas o teu corazón? Pides a forza de Xesús? Que froitos das?

3. ACTUAR: Coida o corazón e dá froitos bos.

-Facede a vosa a mensaxe do evanxeo de hoxe: *"O home bo da bondade que atesoura no seu corazón saca o ben"*.

-Coida o corazón, pide a axuda do Espírito, cambia o que ten de mal.

-Dá grazas aos pais, catequistas e a todos os que te guían para que mellores na vida. Deixa que Xesús sexa a túa luz, o teu compañeiro de camiño.

-Debuxade un corazón grande como o de Fano e dentro poñedes os nomes das persoas que vos axudan a crecer na vida.

En que poderías mellorar? Como coidar o corazón? Que imos facer?